

RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA MEDIDA LEADER DO PDR DE GALICIA 2014-2020. CONVOCATORIA 2023 - 2024 . SUBMEDIDA 19.2

I.- Identificación do proxecto

- GDR: 16 - Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra Norte
- Nº de Expediente: L22 - 1920 - 16 - 0203
- Titulo: AMPLIACIÓN DE EMPRESA DEDICADA Á VENTA E REPARACIÓN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA
- Natureza: Produtiva
- Promotor: FARIÑA MAQUINARIA S.L.

II.- Antecedentes

- O 13/12/2021 o promotor presentou unha solicitude de axuda para a execución do proxecto citado.
- O 13/10/2023 o equipo técnico do GDR emitiu un informe de control de elixibilidade (ICE), verificado favorablemente por Agader.
- O 17/10/2023 a xunta directiva do GDR aprobou a inclusión deste expediente na lista de agarda.
- O a xunta directiva do GDR aprobou a proposta de resolución de concesión da axuda. (a data é da Xunta directiva da ampliación)

III.- Fundamentos legais

- Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (*DOG* núm. 42, do 2 de marzo).
- Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.
- Convenio de colaboración do 13 de decembro de 2016, modificado por Adenda do 11 de decembro de 2020 e do 12 de decembro de 2022, entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR 16 - Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra Norte para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida LEADER de Galicia, cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





- Acordo de colaboración do 17 de xuño de 2016 entre a Axencia Turismo de Galicia e a Axencia Galega de desenvolvemento rural para a coordinación de actuacións públicas con incidencia no sector turístico promovidas no territorio de Galicia, no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) 2014-2020.
- Resolución do 13 de decembro de 2019 pola que se publica o Acordo do 13 de decembro de 2019 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) (DOG. núm. 246 do 27 de decembro).
- Resolución do 10 de marzo de 2021 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección, do 10 de marzo de 2021, polo que se modifica o Acordo do 13 de decembro de 2019 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) (DOG. Núm 53 do 18 de marzo).
- Resolución do 26 de decembro de 2022 da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), para as anualidades 2023 e 2024 (DOG núm. 247).
- Resolución do 31 de maio de 2023 da directora xeral da Axencia Galega de desenvolvemento Rural, pola que se pola que se aprobaron os importes máximos dispoñibles dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables, aoabeiro da resolución do 26 de decembro de 2022 pola que se convocaron, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2023 e 2024 , cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (código do procedemento MR701D) para o GDR 16 - Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra Norte.
- Resolución da directora xeral da Axencia Galega de desenvolvemento Rural do 14 de xuño de 2024 para a ampliación de crédito e redistribución dos importes por Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) e por tipoloxías de gasto, correspondente á convocatoria de Proxectos Leader (Submedida 19.20 do PDR de Galicia 2014-20) para a anualidade 2024 (DOG núm 123 do 26 de xuño de 2024)

Tendo en conta:

- O ICE,
- A proposta de resolución da Xunta Directiva do GDR que é coherente co ICE verificado por Agader.
- Os controis administrativos realizados sobre a solicitude de axuda tal como queda reflectido no ICE.
- Que o promotor se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración Xeral do Estado, coa Seguridade Social, e non ten pendente débeda por ningún concepto coa Comunidade Autónoma de Galicia

Que a competencia para resolver sobre a concesión das axudas correspóndelle a persoa titular da Dirección Xeral de Agader en virtude do artigo 17 do acordo do Consello de Dirección de Agader do 13/12/2019

RESOLVO





- Conceder ao Fariña Maquinaria S.L. unha axuda con cargo a submedida 1920 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) do PRD de Galicia 2014-2020 de acordo coas condicións que a seguir se indican:

Código expediente	L22 - 1920 - 16 - 0203	Procedemento	MR701D
Beneficiario	Fariña Maquinaria S.L.	NIF	B70104781
Proxecto	2016 00001	Referencia	2022.14.01563
Aplicación orzamentaria	14.A1.712A.770.0	Importe Total	39.036,70€

1. O orzamento presentado e aprobado desagregado por partidas é o seguinte:

PARTIDA	CONCEPTO	PRESENTADO (SEN IVE)	ACEPTADO	OBSERVACIÓNS
Adquisición de terreos ou inmobles	Compra Nave	253.562,00	253.562,00	
Obra civil e instalacións	Obra Civil según Memoria Valorada	184.600,00	184.058,87	Aceptado ata o importe máximo establecido na memoria valorada
Maquinaria e equipamento	EQUIPAMENTO TALLER	41.856,00	41.856,00	
Maquinaria e equipamento	EQUIPOS INFORMÁTICOS	3.073,00	3.073,00	
Maquinaria e equipamento	ESTANTE-RÍAS	4.282,20	4.282,20	
Maquinaria e equipamento	SEGURIDADE	6.406,01	6.406,01	
Maquinaria e equipamento	RÓTULOS	14.173,61	14.173,61	
Estudos, proxectos e honorarios	TASACIÓN	360,00	360,00	
Estudos, proxectos e honorarios	ANTEPROXECTO	800,00	800,00	
TOTAL:		509.112,82	508.571,69	

Observacións:

O IVE non é subvencionable por ser un imposto recuperable polo promotor. A compra da nave no pode superar o 50% do gasto elegible, sendo o 49,86% $253.562 / 508571,69 = 0,4986$.

En obra civil aceptase como importe máximo o que figura no anteprojecto.





2. A puntuación obtida en cada criterio segundo o baremo do grupo é a seguinte:

57 puntos prioridade .

3.O importe da subvención, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.770.0 , código de proxecto 2016 00001 e a % de axuda desagregado por fontes de financiamento é o seguinte

Orzamento aceptado	508.571,69 €			
% Axuda	44,00 %			
Importe da axuda	39.036,70€ (*)	Distribución por fondos		
		FEADER	75,00%	29.277,52 €
		MAPA	2,50%	975,92 €
		AGADER	22,50%	8.783,26 €

OBSERVACIÓNS:: O proxecto ten un orzamento aceptado de 508.571,69€, e unha porcentaxe de axuda do 44%. O importe de axuda na proposta de financiamento ascende a 200.000,00€ porque é o límite máximo posible nesta tipoloxía de proxectos,segundo as Bases reguladoras do Leader 2014-2020

(*) A este expediente corresponderíalle un importe de axuda de 200.000,00, faltarían por adxudicárselle 160.963,30€ por falta de fondos na tipoloxía do proxecto. A adxudicación do importe restante terá lugar no suposto de que exista algún sobranse ou crédito dispoñible na tipoloxía de proxectos (non produtivos públicos) na que o proxecto concorreu.

O importe da axuda distribuirase en anualidades do seguinte xeito:

ANO	TOTAL SUBVENCIÓN (%)	IMPORTE (€)
2024	100,00 %	39.036,70 €
	TOTAL	39.036,70 €

Esta axuda cofinanciase polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020, e encádrase na prioridade ou área focal 6B (promover o desenvolvemento local nas zonas rurais).

4. Esta axuda está amparada en:

Regulamento (UE) N° 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos.

5. Esta axuda é incompatible con calquera outra que, para o mesmo proxecto e finalidade, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e da súa tipoloxía. En particular, será incompatible con calquera axuda cofinanciada con Feader, encadrada en calquera dos outros eixos do PDR de Galicia 2014-2020.

Na solicitude de axuda o promotor declara ter solicitadas/concedidas/pagadas as seguintes axudas para o mesmo proxecto:





ORGANISMO	SITUACIÓN DA AXUDA	COMPATIBILIDADE	IMPORTE
Ministerio para la transformación digital y de la función pública	Concedida	Reglamento UE 1407/2013 de mínimos general	330,58€
Ministerio para la transformación digital y de la función pública	Concedida	Reglamento UE 1407/2013 de mínimos general	12,000,00€

6. O prazo de execución e xustificación remata o 15 de outubro de 2024. Cando non se xustifique a totalidade do investimento ou gasto aprobado na resolución de concesión, o investimento certificarase aplicando ao investimento ou gasto subvencionable xustificado a porcentaxe de subvención concedida, sempre e cando o investimento xustificado represente cando menos o 60% do investimento aceptado e se cumpra a finalidade ou obxectivo para o que se concedeu a axuda.
7. O pagamento efectuarase na conta bancaria designada a tal efecto polo beneficiario.
Poderán realizarse pagamentos parciais e anticipos de conformidade co disposto no artigo 31.6º da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, nos artigos 62, 63 e 67 do Decreto 11/2009 e no artigo 24 das bases reguladoras para a concesión de axudas ao abeiro da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020.
8. Coa aceptación desta axuda o beneficiario asume as obrigas sinaladas, con carácter xeral, na Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009 e, en particular, as seguintes:
 - 8.1. Comunicar a Agader:
 - 8.1.1. Os cambios que se produzan na titularidade da empresa e na localización dos investimentos así como calquera modificación que afecte ao desenvolvemento do proxecto.
 - 8.1.2. A obtención doutras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados que financien as actividades subvencionadas
 - 8.1.3. A modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención, no momento en que se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dos fondos percibidos.
 - 8.2. Executar o proxecto segundo o orzamento aceptado.
 - 8.3. Xustificar debidamente os gastos realizados, tendo en conta que con excepción dos gastos relativos á adquisición de terreos e aos custes xerais vinculados aos gastos de investimento, como honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores, honorarios relativos ao asesoramento sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade, só serán subvencionables os gastos realizados con posterioridade á acta de non inicio ou á solicitude de axuda, e efectivamente pagados antes do remate do prazo de execución e xustificación concedido.

Coa solicitude de pagamento o beneficiario debe presentar, con carácter xeral, as facturas orixinais ou documentos probatorios de valor equivalente xunto coa documentación acreditativa do pagamento en favor dos acredores. O xustificante bancario de pagamento debe identificar o número de factura, o beneficiario que paga e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura. Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís, debe achegarse copia do efecto





mercantil, xunto coa documentación bancaria na que conste claramente que o dito efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.

As facturas que se paguen de xeito fraccionado deberán incluírse no expediente nunha única solicitude de pagamento.

Xunto coa primeira solicitude de pagamento, o beneficiario deberá achegar a documentación acreditativa da titularidade dos terreos ou inmobles sobre os que se executa o proxecto, ou da dispoñibilidade destes durante o período mínimo equivalente ao que se vai exixir a permanencia do investimento.

Para proceder ao pagamento final do expediente, o beneficiario deberá achegar os permisos, inscricións e/ou licenzas requiridas pola normativa autonómica ou local.

- 8.4. Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas por Agader ou polo GDR así como a calquera outra actuación de control que poidan realizar os órganos competentes da administración autonómica, estatal ou comunitaria, para o que deberá achegar tanta información lle sexa requirida para os efectos. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionados poderá ser superior ao valor do mercado. No suposto de discrepancias entre o promotor e Agader respecto do valor de mercado, aplicarase o procedemento previsto no artigo 33 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 8.5. Respetar o destino dos investimentos e, nos proxectos produtivos, manter os empregos consolidados durante os cinco anos posteriores á resolución de pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a consolidación do emprego deberá de ser acreditada e comprobada xunta coa solicitude de pagamento final do proxecto. A verificación do compromiso de mantemento de emprego realizarase mediante unha comparativa da información resultante do/s informes de vida laboral da empresa, e do/s informes do cadro de persoal medio de traballadores en situación de alta na empresa, de todos os códigos de cotización da empresa, dos doce meses anteriores á presentación da solicitude de axuda e dos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude de pagamento. A cuantificación do compromiso do número de empregos mantidos resulta do/s informe/s do cadro de persoal medio de traballadores en situación de alta na empresa ou, de ser o caso, dos cálculos de efectivos realizados sobre a base do/s informes de vida laboral da empresa, tendo en conta todos os códigos de cotización da empresa

Naqueles proxectos que creen 5 UTAS ou máis, un terzo dos postos de traballo deberán estar cubertos no momento da solicitude de pagamento final do expediente, admitíndose, respecto dos restantes, que se creen no prazo máximo de seis meses contados desde a data de pagamento final. En caso de incumprimento, o beneficiario debe reintegrar o importe percibido indebidamente, incrementado, de ser o caso, cos xuros de mora correspondentes. O compromiso de mantemento de emprego (en termos de UTA) abrangue un período mínimo de 5 anos a contar dende a data da resolución de pagamento final da axuda. A verificación do compromiso de creación de emprego realizarase mediante unha comparativa da información resultante do/s informe/s de vida laboral da empresa, e do/s informes do cadro de persoal medio de traballadores en situación de alta na empresa, de todos os códigos de cotización da empresa, dos doce meses anteriores á presentación da solicitude de axuda e dos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude de pagamento. Ademais deberán presentar a/as copia/s do/s contrato/s de traballo correspondentes aos empregos creados, comunicados ao Servizo Público de Emprego.

- 8.6. Adoptar as medidas de difusión e publicidade nos termos que se especifican na convocatoria e someterse ao Plan de Comunicación do PDR.





9. Obrigas do beneficiario derivadas do proxecto, da aplicación do baremo do GDR e da normativa do Programa Leader:

- Consolidación de 14,01 utas (tres delas pertencentes a colectivos desfavorecidos e creación de 3utas e o seu mantemento durante polo menos cinco anos a contar dende a data de pagamento final do proxecto.
- Converter dous contratos temporais en fixos.

10. No momento da xustificación dos investimentos o beneficiario deberá achegar a seguinte documentación:

	Pago parcial	Pago final
• Licenzas		
• De obra		X
• De apertura		X
• De actividade ou no seu caso comunicación previa (artigo 23 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e competitividade económica de Galicia).		X
• Outras:		
• Permisos		
• Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas		
• Dirección Xeral do Patrimonio Cultural		
• Confederación Hidrográfica do Norte - Augas de Galicia		
• Outras entidades		X
• Alta no IAE		X
• Xustificación da creación e mantemento do emprego (contratos , informe de vida laboral, TCs, outros)		X
• Acordo de licitación de contratación e listado de verificacións (operacións de investimento público)		
• Acreditación da titularidade ou dispoñibilidade dos bens obxecto do proxecto	X	
• Compra de terreos		
• Certificado/informe dun taxador independente ou organismo oficial debidamente autorizado		
• Documentos notariais e alta no Rexistro da Propiedade		
• Compra de inmobles		





• Certificado/informe dun taxador independente ou organismo oficial debidamente autorizado	X	
• Documentos Notariais e Alta no Rexistro da Propiedade		X
• Declaración xurada do propietario no que afirme que o ben inmueble non recibiu nos últimos 10 anos ningunha subvención nacional ou comunitaria.	X	
• Alta e inscrición en rexistros sectoriais de bens inscribibles.		X
• Certificación de obra asinada por un técnico competente	X	X
• Relación dos equipos subvencionados segundo o modelo	X	X
• Declaración doutras axudas concedidas e/ou solicitadas segundo o modelo	X	X
• Outra: Informe do secretario/interventor ou, do empregado público que teña atribuída as competencias en materia de contratación pública acreditando que o procedemento de contratación se tramitou nos termos previstos no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.		
• Memoria de actividades realizadas, con fotos, recortes prensa y redes sociais.		
• Outros:	X	

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela
Na data da sinatura dixital
O Consello de Dirección de Agader
(P.D.: Acordo do 13/12/2019)
A directora xeral de Agader
M.ª Paz Rodríguez Rivera

